



Curso 2019/2020

AXUDAS DE CARÁCTER DIRECTO ÁS FAMILIAS DO ALUMNADO BENEFICIARIO DE BOLSAS DE COMEDOR DURANTE A SUSPENSIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR

1. A qué persoas vai dirixido?

Poderán ser beneficiarias destas compensacións as familias con un ou máis fillas/os escolarizados en centros públicos non universitarios xestionados pola Consellería de Educación que teñan a condición de **comensais gratuítos ou pagadores dun euro**.

2. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarias destas compensacións as familias con un ou máis fillas/os escolarizados en centros públicos xestionados pola Consellería que teñan a condición de comensais gratuítos ou pagadores dun euro nas relacións de comensais correspondentes ao 31 de xaneiro de 2020.

3. En qué consiste a axuda?

- Dous euros e cincuenta céntimos (2,50 €) por día lectivo no casos de gratuidade total.
- Un euro e cincuenta céntimos (1,50 €) por día lectivo nos casos de gratuidade que teñen a obriga de satisfacer un euro (1 €) pola prestación do servizo.

4. Prazo de presentación

Prazo: Dende o día 31 de marzo o 6 de abril, ambos inclusive.

A solicitude será única para cada familia e incluírá a totalidade dos fillos/as escolarizados

5. Cómo presentar a solicitude

- Tendo en conta a condición previa de comensal gratuíto ou semigratuíto dun euro, as solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da



Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

- **As familias que acrediten dificultades ou non dispoñan de medios para realizar a solicitude por medios electrónicos será formalizada pola Dirección do centro.**

Para iso deberán enviar un correo electrónico, especificando en asunto *Axudas comedor*, a: ceip.xacinto.amigo@edu.xunta.es cos seguintes datos:

- Nome do pai/nai:
- DNI do pai ou nai:
- Pagamento: gratuidade total ou abono de 1€
- Nome dos alumnos/as:
- Número de conta bancaria no que se quere recibir o aboamento da axuda.

Aquelas familias que soliciten realizar os trámites desde o centro deberán enviar os datos solicitados canto antes por se hai algúnha dificultade e necesitamos comunicarnos con vós.

Para resolver calquera consulta ao respecto poden chamar ao teléfono do centro en horario de 10.00h a 13.00h: **881 866990**

Un saúdo.

O director,

Manuel Antelo Cordeiro